DECRETO NÚM 12004176
Mª DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ Tenente de Alcalde-delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude.
Lugo, 21 de maio de 2012.

Instruído o expediente relativo á aprobación do protocolo de actuación no programa de emerxencia social municipal.

Visto o informe-proposta de servizos sociais do día 18 de maio de 2012 que figura no expediente e ao que prestou a súa conformidade a concelleira delegada de servizos sociais.

No uso das atribucións conferidas ao Alcalde no artigo 124, 4 ñ da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e a normativa específica de aplicación, e en virtude de delegación da Alcaldía segundo o seu Decreto nº 60/2011 do 23 de xuño, do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Linguística, **RESOLVO**:

ÚNICO: A aprobación do programa municipal de emerxencia social do xeito que de seguir se relaciona:

1.- INTRODUCIÓN

O Programa municipal de emerxencia social do Concello de Lugo xorde no ano 1989 coa finalidade de tratar de solucionar ou paliar as situacións de emerxencia social de persoas e/ou familias veciñas do municipio, afectadas por circunstancias valoradas polo traballador/a social como de “emerxencia social”, toda vez que estas situacións supoñen a existencia de carencias graves en aspectos básicos da vida cotiá que requiren ser afrontadas, polo menos inicialmente, dende a achega económica directa á persoa solicitante da axuda.

O programa foi concibido como un conxunto de axudas económicas de carácter puntual, finalista e extraordinario.

Nos anos transcorridos dende a posta en marcha deste programa, as situacións de crises socioeconómica individual e/ou familiar fóronse incrementando progresivamente, de xeito que o número de solicitudes de axudas económicas seguiu medrando considerablemente.

Os motivos do incremento na demanda das axudas deste programa atopámolas (entre outras causas) na situación socioeconómica xeral do país, nos altos índices de desemprego, na limitación temporal e económica dos subsidios de desemprego, o baixo poder adquisitivo das/os perceptoras/es de pensións non contributivas e incluso das contributivas, a demora das distintas administracións na

tramitación e resolución de expedientes de solicitude de prestacións sociais, o incremento da poboación inmigrante carente de ingresos económicos, o elevado nivel de endebedamento das familias, a precariedade laboral, o alto custo da vivenda, etc. Estes condicionantes levan a que determinadas persoas e/ou familias nalgún momento do ano teñan que afrontar gastos ineludibles para os que non dispoñen de recursos económicos.

Unha das características básicas deste programa é a rapidez coa que debe de dispensarse a axuda co fin de que a resposta á necesidade-demanda presentada polo individuo e/ou familia, sexa o máis inmediata posible á situación de emerxencia acaecida. As axudas económicas deste programa deben de facilitar que os individuos e familias perceptoras da axuda recuperen a súa situación de (relativa) normalidade, se ben é obvio que debido á complexidade das situacións de emerxencia social isto non sempre é posible, de xeito que a pesar de percibir a axuda económica en ocasións subsistirá a situación de necesidade.

A día de hoxe, ninguén cuestiona que o programa de emerxencia social é necesario, e está máis que xustificada a súa existencia. Da necesidade do programa dá conta o incremento tanto no orzamento do programa como no seu número de beneficiarias/os.

Agora ben, se resulta evidente a consolidación e desenvolvemento do programa no seu aspecto económico, non se pode dicir o mesmo en canto ao seu aspecto cualitativo, é dicir, mentres que as partidas orzamentarias foron incrementándose constantemente, o desenvolvemento do programa en canto aos seus aspectos técnicos, metodolóxicos, requisitos, procedementos, etc., experimentou poucas modificacións dende a posta en marcha do programa.

Chegados pois a este punto, está xustificado e cómpre proceder á revisión do Programa de emerxencia social municipal coa finalidade de adaptalo ás novas necesidades e organización actual dos Servizos Sociais municipais comunitarios, e partindo da consideración da experiencia acumulada ao longo destes anos.

2.- DEFINICIÓN

As axudas do programa de emerxencia social municipal son axudas económicas de carácter urxente e extraordinario, destinadas a sufragar gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario coa finalidade de solucionar, paliar ou complementar situacións carenciais graves, imprevistas e/ou excepcionais, que requiren pola súa natureza dunha atención urxente na obtención de recursos económicos por parte das persoas e/ou unidades de convivencia.

Estas axudas **terán carácter finalista e excepcional**, tendentes a evitar que a situación se faga crónica, e o seu carácter será **subsidiario** en relación con outras axudas públicas que para os mesmos fins lle poida corresponder á persoa

beneficiaria, e en ningún caso poderán ir destinadas a aboar débedas contraídas coa Administración.

En calquera caso deberán ir acompañadas de actuacións tendentes a evitar a repetición da situación e a que a dependencia de certos colectivos respecto a este tipo de prestacións se fagan crónicas.

3.- OBXECTIVOS

- Apoiar aquelas persoas e/ou familias afectadas por un estado de necesidade co fin de paliar, evitar e/ou previr situacións de marxinación ou exclusión social, favorecendo a volta a unha situación de normalidade.

- Dar resposta rápida ás situacións de emerxencia social en tanto non se xestionen outros recursos e prestacións de carácter periódico e estable.

4.- PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude está aberto ao longo de todo o ano e coas limitacións orzamentarias establecidas.

5.- TIPOLOXÍA DAS AXUDAS

As axudas do programa de emerxencia social municipal diríxense a dar resposta ás seguintes situacións carenciais:

. NECESIDADES BÁSICAS NON CUBERTAS POR OUTROS SISTEMAS DE PROTECCIÓN:

- Gastos de **alimentación**: inclúe a adquisición de alimentos, asistencia a comedores sociais, comedores escolares, alimentación infantil, etc.).
- Gastos **farmacéuticos**: inclúe a adquisición de medicamentos, leites maternizados, outros produtos farmacéuticos e, se é o caso, de parafarmacia.
- Gastos **sanitarios**: inclúe axudas para a adquisición e reparación de lentes graduadas, audífonos, gastos odontolóxicos, material de ortopedia, etc., así como outros gastos de tratamentos con prescrición médica.
- Gastos de **desprazamento**: excepcionalmente poderán cubrirse gastos de traslados, viaxes, adquisición do bono bus, desprazamentos de transeúntes, etc.
- Gastos de **vestiario** básico.

- Gastos **escolares**: inclúe a adquisición de material escolar, actividades extraescolares, etc., non cubertas polas bolsas escolares e outros sistemas de protección.
- Gastos de **actividades socioculturais:** excepcionalmente poderán incluírse gastos de actividades que se consideren necesarios para acadar a integración social.
- **Outros gastos** non recollidos nos puntos anteriores que nun determinado momento o/a traballador/a social, tras o informe social que o xustifique, valora como necesarios para evitar situacións de exclusión social.

. NECESIDADES RELACIONADAS CO USO E MANTEMENTO DA VIVENDA HABITUAL:

- Gastos derivados do mantemento da habitabilidade da vivenda.
- Gastos do alugueiro da vivenda.
- Gastos de hospedaxe, pensión, etc.
- Gastos de subministración de electricidade, gas, etc.
- Gastos de mobiliario e equipamento básico da vivenda.
- Gastos de enxoval básico da vivenda.
- Gastos de adaptación funcional da vivenda.

As axudas económicas incluídas neste parágrafo concederanse cando o non pagamento do gasto para afrontar supoña a perda do uso da vivenda ou das súas condicións de habitabilidade.

. NECESIDADES DERIVADAS DE CAUSAS DE FORZA MAIOR, CATÁSTROFES, ACCIDENTES, ETC.

As axudas económicas desta alínea diríxense a facer fronte a situacións imprevisibles que xeren un gasto extraordinario que o/a afectado/a non pode afrontar.

6.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas e/ou familias con residencia habitual no Concello de Lugo e que se atopan nalgunha das situacións definidas como “emerxencia social”, que reúnan as condicións e requisitos necesarios. Non obstante tamén poderán ser persoas beneficiarias os transeúntes que acrediten debidamente o estado de necesidade e a súa identidade.

Nunha unidade familiar só un dos seus membros poderá ter a condición de beneficiario/a aínda que se outorguen a favor da unidade familiar.

7.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

. Ser maior de idade ou menor emancipado con cargas familiares.
. Estar empadroado/a e residir no municipio de Lugo (coa excepción dos transeúntes).
. Acreditar documentalmente a emerxencia dos feitos alegados, a necesidade urxente de recursos e a carencia de medios económicos propios para facer fronte ao gasto, de xeito que o/a traballador/a social valore tecnicamente o feito como de "emerxencia social".
. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia (ingresos non superiores ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da RISGA que lle corresponda).

Considerarase renda familiar os ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, depósitos bancarios, contas correntes e de aforro ou por calquera outro concepto.

8.- DOCUMENTACIÓN QUE TERÁN QUE ACHEGAR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias deberán achegar a seguinte documentación, agás a que xa estivera en poder do Concello:

. DNI, pasaporte, NIE ou calquera outro documento de identidade do solicitante e demais membros da unidade de convivencia .
. Libro de familia.
. Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do INEM, declaración do IRPF, nóminas salariais, certificacións bancarias, declaracións responsables, etc.).
. Autorización expresa da persoa solicitante e dos demais membros da unidade de convivencia para o acceso aos seus datos, contidos en ficheiros, e para obter a información adicional necesaria, a través de medios informáticos ou telemáticos, da propia Administración e doutras administracións públicas.
. Calquera outro documento que ao xuízo do/a traballador/a social acredite a situación de necesidade.

9.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

. Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
. Permitir e facilitar o labor dos/as traballadores/as sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
. Achegar a documentación que se lle requira para acreditar o gasto.
. Comunicar calquera variación da situación económica da unidade de convivencia.
. Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.

. Compromiso explícito da persoa solicitante para a resolución da situación-problema.
. Escolarización dos menores ao seu cargo.
. Non exercer a mendicidade nin a prostitución.

10.- CONTÍA MÁXIMA DAS AXUDAS E PRAZO DE DURACIÓN DA PERCEPCIÓN

Establécense como norma xeral as seguintes contías:

- **Gastos de alimentación**: establécese unha contía máxima de 150 euros ao mes por unidade familiar, e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano dende a primeira concesión. (Máximo anual 150x6=900 euros).
- **Leite maternizado**: establécese unha contía máxima de 60 euros por lactante e mes, e por un período máximo de 1 ano. (Máximo 60x12=720 euros).
- **Vestiario básico**: establécese unha contía máxima de 100 euros por persoa e ano.
- **Gastos farmacéuticos** e parafarmacia: establécese unha contía máxima de 50 euros ao mes por unidade familiar, e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano dende a primeira concesión. (Máximo anual 50x6=300 euros).
- **Gastos sanitarios** de adquisición ou reparación de lentes graduadas, audífonos, gastos odontolóxicos, material de ortopedia, etc.: establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos de desprazamento**, excepcionalmente poderán cubrirse gastos de traslados, viaxes, bono bus, etc., establécese unha contía máxima de 100 euros por persoa e ano.
- **Gastos escolares**: con carácter subsidiario e de xeito excepcional establécese unha contía máxima de 100 euros por persoa e ano.
- **Gastos actividades socioculturais**: establécese unha contía máxima de 100 euros por persoa e ano.
- **Gastos de alugueiro, hipotecas, hospedaxes,** etc.: establécese unha contía máxima de 350 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano dende a primeira concesión. (Máximo anual 350x6=2.100 euros).
- **Gastos por falta de pago de subministracións** (electricidade, gas, etc.): Establécese unha contía máxima de 60 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de cinco meses sucesivos ou alternos no período dun ano dende a primeira concesión. (Máximo anual 60x5=300 euros).
- **Gastos de mantemento da habitabilidade da vivenda, mobiliario, equipamento, enxoval doméstico, adaptación funcional,** etc.:

excepcionalmente poderán cubrirse os ditos gastos e establécese unha contía máxima de 300 euros por unidade familiar e ano.

- **Gastos derivados de causas de forza maior, catástrofes, etc.** As contías das axudas estarán en función do número de afectados, dispoñibilidade económica do programa, urxencia na prestación da axuda, etc.; en todo caso o importe máximo da axuda non superará os 1.500 euros.

Os límites establecidos neste decreto no referente á contía máxima das axudas e o prazo de duración poderán superarse con carácter excepcional, e debidamente xustificado no expediente administrativo a través de informe motivado dos/as técnicos/as municipais tramitadores do expediente.

En todo caso a contía máxima anual a conceder por unidade de convivencia non poderá superar os 2.700 €.

11.- TRAMITACIÓN DE AXUDAS

Non procederá a tramitación de axudas con cargo a este programa, en caso de:
Situacións crónicas.
Non cumprir algún requisito expresado neste decreto.
Non cumprir as obrigas derivadas deste ou outros programas vinculado a prestacións de servizos sociais.
En xeral, o incumprimento de calquera outra estipulación ou obriga contida neste decreto.

12.- LÍMITE ORZAMENTARIO

A concesión das axudas de emerxencia social queda condicionada a existencia de crédito orzamentario nas partidas presupostarias correspondentes.

Esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante ó Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 de 26 de novembro ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen prexuizo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.